

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 27 DE OUTUBRO DO 2016.

ASISTENTES:

<p>Presidente:</p> <p>D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p>Membros que asisten:</p> <p>D^a Fabiola García Martínez D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D^a María Herminia Pouso Maneiro</p>	<p>Interventor:</p> <p>D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11)</p> <p>Secretario Xeral</p> <p>D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p>Membros que non asisten:</p> <p>D. Víctor Reiriz Lampón</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e sete de outubro do dous mil dezaseis, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.


Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 6 de outubro de 2016 e 20 de outubro de 2016, así como a acta da sesión extraordinaria de data 14 de outubro de 2016.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 25/10/2016, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2016 - 000038
Importe total	239.657,93 €
Número de facturas	291
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33246953Q
Importe	318,00 €
Última factura	
Emisor (Cif)	Q1573004G
Importe	3.267,00 €


B) PROPOSTAS DE GASTO.


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	04/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Realización da obra de ampliación da liña de pluviais no lugar de Bretal (Oliveira)		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L. - EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L. - EXCAVACIONES NIMA, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (09/05/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.		
NIF/CIF:	B15555923		
Importe (IVE Incluído):	9.949,65 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	18/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira		
DESCRICIÓN DO GASTO	Realización da limpeza de regatos desde a Avenida da Coruña ata Coroso		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.
Informe:	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (18/10/2016)		
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.		
NIF/CIF:	B15841166		
Importe (IVE Incluído):	5.130,40 €		
Observacións:			

Nº Proposta	3	Data	24/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Enxeñeira Municipal		






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


		Uxía Landeira Pereira	
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de tubo de polipropileno corrugado SN8 de 315 mm, para entubar varias cunetas en Artes e Oleiros	
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, S.A. - SUMINISTRO INTEGRAL DE AGUA, S.L. - ALMACENES JUAN PEGO, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:		ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, S.A.	
NIF/CIF:		A15149271	
Importe (IVE Incluído):		1.062,28 €	
Observacións:			

Nº Proposta		4	Data	25/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Directora Obradoiro de Emprego Tahume III Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO		Material diverso para empregar na obra do Conservatorio Municipal, a realizar pola especialidade de pintura do Obradoiro de Emprego Tahume III		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- DISPAINTE GALICIA, S.L. - PINTURAS ISAVAL, S.L. - CASTRO PARGA	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		DISPAINTE GALICIA, S.L.		
NIF/CIF:		B36321313		
Importe (IVE Incluído):		1.003,88 €		
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	24/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Realización da obra de ampliación da liña de pluviais no lugar de Bretal (Olveira)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.		
NIF/CIF:		B15555923		
Importe (IVE Incluído):		1.331,00 €		
Observacións:				

Nº Proposta		6	Data	21/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Medio Ambiente Elvira Pereira Ageitos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Adquisición e reposición de plantas de tempada para diversos espazos públicos do Concello		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.	
Informe:				





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.	
Denominación:	Espiñeira Centro de Jardinería, S.L.
NIF/CIF:	B15847460
Importe (IVE Incluído):	2.817,71 €
Observacións:	

Nº Proposta	7	Data	25/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Benestar Comunitario Manuel Eminilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO	Adquisición de praca de pedra do país con incrición co motivo da celebración do Día da Restauración da Memoria Lingüística de Galicia		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JUAN PEGO E HIJOS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JUAN PEGO E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15290216		
Importe (IVE Incluído):	217,18 €		
Observacións:			

Nº Proposta	8	Data	25/10/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Fabiola García Martínez		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de carga/descarga de material durante a celebración da Mostra de Teatro 2016		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ADER RECURSOS HUMANOS, E.T.T., S.A.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ADER RECURSOS HUMANOS, E.T.T., S.A.		
NIF/CIF:	A15469406		
Importe (IVE Incluído):	1.113,74 €		
Observacións/Anexo ó acordo:	A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a desafectación dos importes non executados, remanente (204,29 € + 563,52 + 345,93 €) do servizo de carga e descarga dos programas "Entroido", "Xuño da Cultura" e "A Fiesta da Cultura", por importe total de 1.113,74 €, destinando este importe para os gastos destinados ó servizo de carga/descarga de material durante a celebración da Mostra de Teatro 2016		

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 18/10/2016, en relación co escrito presentado por Abdellahi Mahmoud, de data 04/10/2016 (Rexistro de entrada nº





12.854), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 13/10/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a Abdellahi Mahmoud unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **250,00 €**, para sufragar os gastos derivados dunha débeda de aluguer da súa vivenda.

APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN ANTIDROGA RENACER DE RIVEIRA.

Vista a providencia da **Alcaldía**, de data 18/10/2016, no que se dá conta do modelo de "**Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Antidroga Renacer de Riveira**", co obxectivo de colaborar en sufragar os gastos de actualización da súa páxina web.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o borrador do "**Convenio de Colaboración entre o Concello de Riveira e a Asociación Antidroga Renacer de Riveira**".


AUTORIZACIÓN DE GASTOS DE ORZAMENTOS POR TRIBUNAL MÉDICO – 2ª ACTIVIDADE POLICÍA LOCAL ALBERTO IGLESIAS MIGUENS


Vista a **proposta** presentada polo **Concelleiro Delegado de Seguridade e Mobilidade Cidadá, Víctor Reiriz Lampón**, de data 17/10/2016, na que propón autorización de gasto por formar parte do tribunal médico encargado de avaliar o pase a segunda actividade do policía don Alberto Iglesias Miguens

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Autorizar** o gasto correspondente por formar parte do tribunal médico encargado de avaliar o pase a segunda actividade do policía don Alberto Iglesias Miguens, a MUGATRA, S.L.U con CIF B70055504 por 185 euros (exento de IVE), segundo o orzamento presentado en data 08/08/2016 e un reintegro pola mesma cantidade, 185,00 euros, a don Alberto Iglesias Miguens previa xustificación do pago realizado mediante transferencia





- bancaria ao seu facultativo, Dr. Jesus Pino Miguez, pola cantidade de 726,00 euros (IVE incluído) segundo orzamento presentado en data 13/09/2016
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais, así como a MUGATRA, S.L.U. e a don Alberto Iglesias Miguens.

III.- CONTRATACIÓN.

1.- Adjudicación do "SERVIZO DE CATERING PARA A CELEBRACIÓN DO ENCONTRO DO MAIOR 2016".

Visto o expediente que se tramita para contratar o "Servizo de catering para a celebración do "Encontro do maior 2016"", cun orzamento total por contrata de 46.000,00 euros (valor estimado do contrato: 41.818,18 euros; IVE 10%: 4.182,82 euros).

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adjudicación -prezo máis baixo- e con tramitación ordinaria), o prego de prescricións técnicas, o prego de cláusulas administrativas particulares, e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 231A.226.99, foron aprobados pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 22/09/2016.

Por tratarse dun contrato de servizos cuxo valor estimado é inferior a 60.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.


De acordo co recollido no derradeiro parágrafo da cláusula 6 do Prego de cláusulas administrativas particulares, neste expediente optouse por anunciar esta licitación no diario "La Voz de Galicia".


Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, na data 03/10/2016 e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación unicamente presentou a oferta a seguinte empresa:

"José Fajardo, S.L." Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/09/2016, co número 12.679.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 03/10/2016, na que se acordou declarar admitida a esta licitación á única empresa presentada (José Fajardo, S.L.), por considerar que a documentación aportada é correcta.

A apertura do sobre "B" do único licitador presentado e admitido a esta contratación, comprensivo da súa oferta económica (1ª oferta) celebrouse pola





Mesa de Contratación na súa reunión da data 05/10/2016, que dou o seguinte resultado:

Licitador	Oferta económica
	Valor estimado (sen IVE)
José Fajardo, S.L.	41.818,18 euros

Na súa mesma reunión da data 05/10/2016 a Mesa de Contratación acordou abrir a fase de negociación e invitar ao licitador admitido a presentar unha segunda oferta económica que mellore a primeira nun prazo de tres días hábiles desde a recepción da nova invitación.

Dentro do prazo concedido a empresa requirida presentou a súa segunda oferta económica, que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello na data 11/10/2016 co número 13.152.

A apertura da segunda oferta económica (fase de negociación) realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 13/10/2016, que dou o seguinte resultado:

Licitador	2ª oferta económica (fase de negociación)
	Valor estimado (sen IVE)
José Fajardo, S.L.	41.817,00 euros

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 12.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta, unicamente, as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 13/10/2016.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada na data 14/10/2016, adoptou os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, CLASIFICAR, POR ORDE DECRECENTE DE VALORACIÓN, as proposicións admitidas á contratación do Servizo de catering para a celebración do "Encontro do maior 2016", do seguinte xeito:

Orde	Licitador	Prezo total ofertado (IVE. 10% incluído)
1ª	José Fajardo, S.L.	45.998,70 euros

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, REQUIRIR A "JOSÉ FAJARDO, S.L.", que é o licitador





que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 13 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d) e 61.2.e) do TRLCSP.

O citado acordo foi notificado á empresa requirida na data 14/10/2016.

Dentro do prazo concedido a empresa "José Fajardo, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 25/10/2016 co número 14.015), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 25/10/2016, xustificativa de constitución da garantía definitiva do contrato por importe de 2.090,85 euros.


Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 26/10/2016.


Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido na cláusula 13.3 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 14/10/2016, **adxudica-lo contrato para prestar o "Servizo de catering para a**





celebración do “Encontro do maior 2016” á empresa “José Fajardo, S.L.” (NIF número B-15320187), no prezo total do contrato de 45.998,70 euros (Base: 41.817,00 euros; IVE 10%: 4.181,70 euros).

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 14 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- De conformidade coa cláusula 15 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente, a responsable do contrato será a xefa do departamento municipal de servizos sociais María Francisca Vidal Regueira.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.


2.- EXPEDIENTE LICITACIÓN CONTRATO DE SERVIZOS MODIFICACIÓN PUNTUAL PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

VISTO que con data 7 de outubro de 2016 o Sr. alcalde-presidente determinou a necesidade de realizar a contratación do servizo de **redacción do expediente de modificación puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, aprobado o 17 de decembro de 2002 e a redacción do Plan Parcial** que posibiliten a delimitación e ordenación dun **Sector de Solo Urbanizable de Uso Industrial na marxe Norte de autoestrada AG-11 e ó Oeste da estrada CP-7310**

Dada a característica do servizo considérase como o procedemento máis axeitado é o procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, posto que o contratos que celebren as administracións públicas poderán adxudicarse por procedemento negociado sen publicidade, nos casos enumerados no **artigo 170 e 174 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro**, coas limitacións establecidas no **artigo 177** do mesmo texto legal, que regula os supostos do procedemento negociado con publicidade.

No procedemento negociado a adxudicación recaerá no candidato xustificadamente elixido polos órganos de contratación tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato cun ou varios deles.





Asemade, de acordo co establecido no artigo 112 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, poderán ser obxecto de tramitación urxente os expedientes correspondentes aos contratos cuxa celebración responda a unha necesidade inaprazable ou cuxa adxudicación sexa preciso acelerar por razóns de interese público

VISTO que con data 10 de outubro emitíuse informe por Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir e visto que de conformidade co mesmo, o órgano competente para aprobar e adxudicar o contrato é esta Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía ¹ porque o importe do contrato ascende a a **45.000 euros e 9.450 euros de IVE** e por tanto, non supera nin o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento deste Concello nin a contía de seis millóns de euros.

VISTO que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de outubro de 2016 aprobouse iniciar o expediente para a contratación referenciada motivando a necesidade e idoneidade da contratación proposta.

VISTO que con data 24 de outubro de 2016, redactouse e incorporou ao expediente o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas que han de rexer a adxudicación do contrato.

VISTO que por polo Sr. Interventor accidental realizouse a retención de crédito oportuna e emitíu informe de fiscalización do expediente.

VISTO o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 24 de outubro de 2016


Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 110 e na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro,

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta de resolución da Alcaldía, de data 25 de outubro de 2016, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente do servizo de **redacción do expediente de modificación puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, aprobado o 17 de decembro de 2002 e a redacción do Plan**

¹ Segundo a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, corresponden aos Alcaldes e aos Presidentes das Entidades locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada. Corresponde ao Pleno as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos non mencionados no apartado anterior que celebre a Entidade local.





Parcial que posibiliten a delimitación e ordenación dun Sector de Solo Urbanizable de Uso Industrial na marxe Norte de autoestrada AG-11 e ó Oeste da estrada CP-7310

SEGUNDO. Autorizar, en contía de **45.000 euros e 9.450 euros de IVE**, o gasto que para este Concello representa a contratación do devandito servizo por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente, con cargo á aplicación correspondente do estado de gastos do Orzamento Municipal deste Concello para o exercicio 2016.

TERCEIRO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato de servizo de **redacción do expediente de modificación puntual do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira, aprobado o 17 de decembro de 2002 e a redacción do Plan Parcial que posibiliten a delimitación e ordenación dun Sector de Solo Urbanizable de Uso Industrial na marxe Norte de autoestrada AG-11 e ó Oeste da estrada CP-7310** por procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente.

CUARTO. Solicitar ofertas, polo menos, as seguintes tres empresas² todas elas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- 1.-ARQYUR ARQUITECTOS SL.**
- 2.-PORTELA VARELA PUENTE ARQUITECTOS SLP.**
- 3.-FERNÁNDEZ CARBALLADA Y ASOCIADOS SLP.**

QUINTO:- Facultar ó Sr.alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.


Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta


V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Visto o escrito presentado por **Eva Castro Lavandeira**, de data 16/09/2016 (Rexistro de entrada nº 11.889), no que comunica que quer deixar o posto nº7 destinado á venda de flores que ten adjudicado no Mercado Municipal de Palmeira, polo que solicita que se lle dé de baixa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:

² De conformidade co artigo 178.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, no procedemento negociado será necesario solicitar ofertas a menos a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.





- a) Que se proceda a dar de **baixa** a Eva Castro Lavandeira, como adxudicataria do posto nº 7 do Mercado Municipal de Palmeira.
- b) Comuníquese este acordo á solicitante e aos servizos económicos municipais aos efectos oportunos.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Vistos os escritos presentados por **María Martínez Paz**, de datas 25/06/2014 e 01/10/2016 (Rexistro de entrada nº 7.936 e 12.751), nos que solicita que por parte dos técnicos municipais se realice visita de inspección para continuar co expediente e obter a licenza de actividade definitiva.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe técnico favorable do Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 06/08/2015, ao informe técnico favorable do Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 20/10/2016, estimando que o emprazamento e demais circunstancias non se opoñen ás ordenanzas municipais, e ao informe xurídico con proposta resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 24/10/2016, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a María Martínez Paz **LICENZA DE ACTIVIDADE DEFINITIVA**, para **CLÍNICA DE FISIOTERAPIA** sita na Praza de España edificio nº 7-8-9, portal 1, 1º C, urbanización O Rueiro, Riveira.

Segundo.- Deberá dita actividade estar suxeita ao estricto cumprimento da normativa vixente contra a contaminación acústica.


Terceiro.- As licenzas teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas unha vez autorizadas e orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de licenzas.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Dirección Xeral de Comercio.

Quinto.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*


VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.


1.- Vistos os escritos presentados por M^a Dolores Novo Pérez, de datas 09/08/2016, 19/09/2016 e 20/10/2016 (Rexistros de entrada nº 10.225, 12.012 e 13.778), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar, no lugar de Estris, Gándara, Artes, Riveira en parcela con ref^a catastral nº 15074A039003420000KL.

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 21/10/2016, no informe en relación á constitución e valoración de fianza emitido pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 24/10/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 25/10/2016, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a M^a Dolores Novo Pérez **LICENZA DE OBRAS (Nº 52/16)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no lugar de Estris, Gándara, Artes, Riveira en parcela con ref^a catastral nº 15074A039003420000KL achegándose Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 26.7.16, Plano de Situación UOO Modificado de setembro de 2016, Informe xustificativo do do Decreto 29/2010 de 4 de marzo polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 15.9.16, redactados por Antonio Deus Álvarez e Miguel A. Abad Blanco, así como Oficio de Dirección de Obra visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 26.7.16, Oficio de Execución Material de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 19.9.16.

- *Deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións (30,00 m²) e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición e de acordo co disposto no artigo 24.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 98,01 €.***






Segundo.- A obra iniciarase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.*





- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.


Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*





- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **Mercedes Argibay Pérez**, de datas 17/06/2016 e 15/07/2016 (Rexistros de entrada nº 7.815 e 11.743), nos que solicita licenza de obras para instalación de postes de madeira e arame de delimitación de propiedade de parcela con refª catastral nº 15074A0006002800000KR sita no lugar de Deán Pequeno, Paraxe "Minrela", Riveira.

A Xunta de **Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 26/09/2016, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 10/10/2016, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a Mercedes Argibay Pérez **LICENZA DE OBRAS (Nº 53/16)** para para **INSTALACIÓN DE POSTES DE MADEIRA E ARAME DE DELIMITACIÓN DE PROPIEDAD** de parcela con refª catastral nº 15074A0006002800000KR sita no lugar de Deán Pequeno, Paraxe "Minrela", Riveira:

- **CONDICIÓN DE CONSTRUCCIÓN:** *O peche será preferentemente vexetal. Si se realiza con material opaco ou de fábrica non pode superar 1 metro de altura excepto en parcelas edificadas nas que puede alcanzar 1,50 metros. En todo caso débense realizar con materiais tradicionais do medio rural no que se localicen. Non se permite o emprego de bloques de formigón o materiais de fábrica sin revestir nin pintar.*
- **CONDICIÓN DE ALIÑACIÓN:** *Deberá replantearse previamente ao inicio das obras, respetándose obrigatoriamente os retranqueos establecidos polo Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, con retranqueos mínimos de 4 metros respecto ao eixo da vía, respetándose en todo caso un retranqueo de 5 m. de cauces públicos.*
- **OUTRAS CONDICIÓN:** *Deberá cumprir a lexislación vixente, particularmente a relativa a prevención de riscos laborais.*

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.





Terceiro.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Cuarto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.


Sexto.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Sétimo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
